

Resolución COMPLEMENTARIA á Resolución definitiva dos centros docentes admitidos para a constitución da Rede Galega de Educación Dixital, para o curso 2021-2022.

Ao abeiro do apartado 10.3. da Resolución do 7 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos que constituirán a Rede Galega de Educación Dixital, para o curso 2021-2022, establécese que, no caso de que o número e/ou a localización dos centros solicitantes non permita cubrir todos os ámbitos xeográficos establecidos, a comisión de selección proporá á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a súa selección, aos centros necesarios para garantir a existencia de Equipos ADIX en todos os ámbitos xeográficos.

Dado o carácter innovador desta rede, ao remate de cada curso escolar, as persoas designadas para formar parte de cada equipo ADIX recibirá un certificado acreditativo de participación nunha actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado.

Segundo isto, a relación de centros que se incorporan a esta Rede complétase cos que a continuación se detallan:

Ámbito xeográfico	Código de centro	Nome do centro	Concello	Provincia	DNI	Persoa Mentora
O Barco	32013521	CEIP Princesa de España	Verín	Ourense	***5472**	Manuel Rolán Salgado
O Barco	32003643	CPI Virxe dos Remedios	Castro Caldelas	Ourense	***5194**	Antonio Iglesias Rodríguez
Pontevedra	36001550	CEIP Plurilingüe de Carballedo	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	***0068**	Ubaldo Couso Rodríguez
Vilagarcía	36015263	CEIP Plurilingüe de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	***5085**	Antonio Luis Domínguez Lama
Vilagarcía	36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	Pontevedra	***8498**	Alfonso Muñiz Varela
Vigo	36009949	CEIP Plurilingüe Javier Sensat	Vigo	Pontevedra	***8511**	Juan Luis Iglesias Ferrón

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

D. José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

